



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 25 de abril de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Jaime Aneiros Pereira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e cinco de abril de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(315).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 17 de abril de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(316).- PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES DE NOSA SEÑORA DE ROSARIO PARA A PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO PATRIMONIO ARTÍSTICO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 16970/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 12/03/19, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial (en funcións de sinatura superior no ámbito da Unidade administrativa da Alcaldía, Decreto 14.04.2016), e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora de Rosario, é unha corporación oficial con personalidade xurídica e plena capacidade, dependente da Xunta de Galicia, das trece creadas en España polo Real Decreto de 31 de outubro de 1849, baixo o alto padroado de Súa Maxestade o Rei. En data 20.02.2019, o 2º Teniente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio, Xestión municipal, Administración Electrónica e Recursos Humanos e Fomento, acordou iniciar expediente para a aprobación do Protocolo de colaboración entre o Concello de Vigo e a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora de Rosario, para desenvolver actuacións conxuntas de interese común no eido das artes e no ámbito do patrimonio artístico do Concello de Vigo

Segundo.- A xefatura da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, en funcións de sinatura superior no ámbito da Unidade administrativa da Alcaldía, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Xestión municipal, o 12 de marzo de 2019, redacta “memoria xustificativa do protocolo de colaboración entre o Concello e a Real Academia Galega de Belas Artes, para desenvolver actuacións conxuntas de interese común no eido das artes e no ámbito do patrimonio artístico do Concello de Vigo”, co obxecto de establecer os mecanismos de colaboración entre o Concello e a Real Academia Galega de Belas Artes, para fixar o marco xeral de actuación das súas respectivas administracións na promoción, dinamización, e o impulso do patrimonio artístico do Concello de Vigo, a organización de eventos para tal fin, o asesoramento por parte da Real Academia nas actividades relacionadas coas artes no Concello de Vigo e a colaboración deste nas actividades de interese mutuo que leve a cabo a Real Academia Galega de Belas Artes no eido das artes.

FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo.
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).



Concello de Vigo

- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Bases de execución orzamento Concello De Vigo 2019.

II.-.- Protocolo de colaboura

II.1.-.- Sobre a capacidade de convenir das entidades locais

A celebración de convenios entre entidades de dereito público, atópase prevista, con carácter xeral, nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, cuxo artigo 48.1 establece que: «As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán asinar convenios con suxeitos de dereito público e privado sen que isto poda supoñer cesión da titularidade da competencia.

Os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 86 da Le 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas, ontemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

II.2.- Contido do protocolo

O protocolo de colaboración, consta dunha parte expositiva e nove cláusulas. O obxecto deste é establecer os mecanismo de colaboura entre o Concello de Vigo e a Real Academia Galega de Belas Artes, para fixar o marco xeral de actuación das súas respectivas administracións na promoción, dinamización e impulso do patrimonio artístico do Concello, a organización de eventos conxuntos para tal fin, o asesoramento por parte da Real Academia nas actividades relacionadas coas artes no ámbito do Concello, e a colaboura do Concello nas actividades de mutuo interese que leve a cabo a Academia.

Na cláusula segunda se establece que os compromisos de ámbalas dúas partes, determinarase nos correspondentes convenios que desenvolverán as accións concretas co obxecto de difundir os fondos artísticos do Concello, o asesoramento da Academia para a conservación das coleccións, a catalogación i exhibición das obras de arte, así como aqueles proxectos que desenvolva o Concello e a colaboura do Concello nas actividades de interese para este que desenvolva a Academia de Belas artes.

Na cláusula terceira consta que este documento protocolario non comporta ningunha obriga económica para o Concello.

A cláusula cuarta regula a publicidade e comunicación dos acordos entre ambas dúas

A cláusula quinta fixa a vixencia do protocolo, que será dun ano prorrogable ata un máximo de catro anos, mediante acordo expreso e agás resolución por mutuo acordo, denuncia ou incumprimento grave.

Na cláusula sexta prevese a constitución dunha comisión de seguemento coas funcións detalladas nesta de interpretación, proposta de modificacións, facultades de supervisión da execución e informe previo á resolución por incumprimento.

As cláusulas octava e novena recollen previsións sobre cumprimento da lexislación de protección de datos e transparencia, e a sétima regula o réxime xurídico do protocolo, de carácter administrativo.

II.3.- Réxime xurídico

O protocolo responde ó obxecto social da Real Academia Galega de Belas Artes e ás competencias que desenvolven os municipios, en virtude do disposto no artigo Lei 80.2 da Lei 5/1997, reguladora da Administración Local de Galicia, letras “e” en canto as accións de defensa, protección e difusión do patrimonio histórico-artístico e na letra “n” en xeral en actividades culturais.

O artigo 5 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, regula como excluídos do ámbito subxectivo da mesma, aos convenios sempre que o seu contido non estea comprendido nos contratos regulados nesta lei ou en normas administrativas especiais.

Como queira que estamos ante un acordo marco ou protocolo nin siquiera está suxeito ás disposicións do capítulo VI —Dos convenios— do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público . Nembargantes,

- O convenio contén as especificacións esixidas nos artigos 47 e seguintes da 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e 199 LALG
- O expediente xustifica, na súa memoria, a conveniencia e a oportunidade do convenio, sen comprometer medios económicos para esta administración.
- Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que o mesmo persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.
- En fin, cómpre finalizar a referencia a que o protocolo ten natureza administrativa e rexerese, a mais de polos pactos que no convenio se conteñen, polas disposicións do capítulo VI —Dos convenios— do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

III.- Procedemento e competencia.

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico que se contén na presente.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra "b" da Lei de transparencia obriga a dar publicidade da modificación do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o protocolo de colaboración entre o Concello e a Real Academia Galega de Belas Artes, para desenvolver actuacións conxuntas de interese común no eido das artes e no ámbito do patrimonio artístico do Concello de Vigo, transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Solicitar da Real Academia Galega de Belas Artes a aprobación do protocolo que se anexa para desenvolver actuacións conxuntas de interese común entre esta e o Concello de Vigo

Terceiro.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES de NOSA SEÑORA DE ROSARIO PARA FIXAR UN MARCO XERAL DE ACTUACIÓN DE ÁMBALAS DÚAS ENTIDADES NA PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO PATRIMONIO ARTÍSTICO DO CONCELLO DE VIGO

En Vigo, a de

INTERVEÑEN

Don Abel Caballero Álvarez, Excmo. Alcalde-Presidente del **CONCELLO DE VIGO**, na representación legal que de esta Administración municipal lle atribúe o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, intervén asistido da Secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, D^a M^a Concepción Campos Acuña que da fe do acto que se celebra

O Sr. D. Manuel Quintana Martelo, na súa condición de presidente da Real Academia Galega de Belas Artes, en exercicio das competencias que lle confire o artigo 22 dos Estatutos da Entidade.

Ambas as partes recoñecen a súa competencia e capacidade para formalizar este protocolo de colaboración, e para tales efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. -O Concello de Vigo, en virtude da lexislación do patrimonio cultural de Galicia desenvolve competencias para protexer, difundir e fomentar o valor dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localice no seu ámbito territorial, tendo o carácter de órgano consultivo en materia de bens culturais, segundo citada lexislación, a Real Academia de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario.

Segundo. O Concello de Vigo conta cunha valiosa e variada colección de arte galega, con representación das principais figuras da pintura e escultura de Galicia. Este fondo artístico está integrado por máis de 1.000 obras pertencentes a máis de 150 artistas significativos na historia da arte de Galicia, e dá mostra do compromiso desta institución na promoción cultural e patrimonial da expresión artística galega. Neste sentido, o propósito do Concello de Vigo é seguir contribuindo a facilitar o seu coñecemento, promoción e consolidación, dispoñendo, para tal fin e na medida das súas posibilidades, dos medios que sexan necesarios e eficaces para conseguilo.

Terceiro. A Real Academia Galega de Belas Artes, asociada ao Instituto de España, é unha corporación oficial que, baixo o alto padroado de Súa Maxestade o Rei, ten entre as súas funcións actuar como institución consultiva, informativa e asesora dos organismos públicos e privados que teñan ao seu cargo a defensa, a conservación e a restauración do tesouro artístico e monumental de Galicia, fomentar a investigación e a práctica das artes de Galicia, dentro e fóra dela e velar pola conservación, valoración e difusión da riqueza monumental e artística de Galicia en canto estea ao seu alcance.

Cuarto. Ambas as institucións enmarcan a súa actuación de protección e promoción dos bens culturais na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a respecto de cumprir cos deberes establecidos nesta lei para a protección do patrimonio cultural de



Concello de Vigo

Galicia, así como ser partícipes na súa conservación, acrecentamento, difusión e fomento, favorecendo procesos de cohesión social, fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a valorización e a investigación do patrimonio artístico e a transmisión ás xeracións futuras.

Quinto. É vontade de ambas as institucións colaborar na promoción e difusión da arte e da cultura galegas mediante estudos, publicacións, exposicións e investigacións, así como no desenvolvemento de iniciativas encamiñadas a protección do fondo artístico do Concello de Vigo.

Para estes fins, no exercicio das competencias que lles son propias, as partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para o asinamento deste PROTOCOLO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e fins do Protocolo

Este protocolo ten por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Concello de Vigo e a Real Academia Galega de Belas Artes, para fixar o marco xeral de actuación das súas respectivas administracións na promoción, a dinamización e o impulso do patrimonio artístico do Concello de Vigo, a organización de eventos conxuntos para tal fin, o asesoramento por parte da Real Academia de Belas Artes nas actividades relacionadas coas artes no ámbito do concello de Vigo e a colaboración deste nas actividades de interese mutuo que leve a cabo a Real Academia Galega de Belas Artes no eido das artes.

Segunda. Compromisos das partes

O Concello de Vigo e a Real Academia Galega de Belas Artes, en coherencia coas súas respectivas funcións e no marco deste protocolo, comprométese a colaborar no desenvolvemento dos seus fins, a través de accións que se plasmarán a través dos correspondentes convenios de colaboración, de modo que se propicie:

- unha maior difusión dos fondos artísticos do Concello de Vigo, mediante a organización de exposicións, publicacións, xornadas divulgativas;
- o estudo e a investigación con arranxo á museoloxía que poda desenvolver a Real Academia de Belas Artes de cara ao asesoramento para a conservación das coleccións artísticas, en torno as obras do fondo artístico e da rede museística do Concello de Vigo, a catalogación e exhibición das obras de arte así como en todos aqueles proxectos que se desenvolvan no Concello no eido das belas artes;
- a colaboración por parte do Concello de Vigo naquelas actividades de interese común impulsadas pola Real Academia Galega de Belas artes a prol das artes en Galicia.

Terceira. Financiamento

O asinamento deste protocolo non comporta ningunha obriga económica. De ser o caso, determinarase nos correspondentes convenios de colaboración que deriven deste protocolo.

Cuarta. Difusión da colaboración das partes

Nas actividades expositivas, divulgativas, de asesoramento e nas actuacións respecto das publicacións que se fagan relacionadas co desenvolvemento deste protocolo farase constar a colaboración das partes e utilizarase, de proceder, a identidade corporativa de cada unha das institucións.

O asinamento deste protocolo supón o consentimento expreso de ambas as partes para faceren públicos a través dos distintos soportes de comunicación e difusión que se empreguen os datos referidos ao seu contido de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa aplicable a cada unha delas.

Quinta. Prazo de vixencia, modificacións e causas de resolución

Este protocolo producirá efectos a partir da data do seu asinamento e terá unha vixencia dun ano, prorrogable por períodos sucesivos anuais ata un máximo de catro anos, mediante acordo expreso das partes ao remate de cada período, agás que se resolva por algunha das causas seguintes:

- a) Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- b) Denuncia feita por calquera das partes, con tres meses de antelación.
- c) Incumprimento grave de calquera das partes dos acordos do protocolo.

Así mesmo, as partes poderán modificar os termos deste protocolo de acordo mutuo.

Sesta.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de optimizar e valorar os resultados deste protocolo, crearase unha comisión de seguimento composta por un representante de cada unha das institucións, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución, e poderá estar asistida polos técnicos que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola Comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

- 1ª) A interpretación do protocolo.
- 2ª) A proposta de addendas ou modificacións.
- 3ª) A elaboración do informe previo á resolución por incumprimento.
- 4ª) As facultades de supervisión da execución e adopción das decisións e o ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das actividades acordadas.
- 5ª) Calquera outra función relacionada co bo funcionamento deste protocolo.

Sétima. Natureza xurídica

Este protocolo de colaboración ten natureza administrativa, está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e rexerase polas súas propias cláusulas e, de forma supletoria, polas normas xerais do dereito administrativo.

As partes comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puiden xurdir no desenvolvemento deste protocolo.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no cumprimento deste protocolo de colaboración, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

Oitava. Protección de datos de carácter persoal

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que, de existiren no eido deste protocolo datos de carácter persoal, as dúas entidades incorporaranos aos seus respectivos ficheiros para o seu



Concello de Vigo

tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. As partes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na devandita lei.

Novena. Transparencia e bo goberno

O asinamento deste protocolo de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que o Concello de Vigo poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade, asínase o presente Protocolo por triplicado

3(317).- PROPOSTA DE ESTIMACIÓN DOS RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN PRESENTADOS POLOS SOLICITANTES DO “PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO SUMINISTROS E ALIMENTACIÓN (AEFAS/2018)”. EXPTE. 148852/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 13/03/19, asinado polo asesor xurídico adxunto de Benestar Social, a xefa da de Benestar Social, o xefe de Área, e pola concelleira-delagada da Área de Política Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 11.01.2018, acordou aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 148852/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2018 consignouse unha partida por importe de 1.640.000 € destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal e no BOP de

Pontevedra nº 15 do 22 de xaneiro de 2018. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOP nº 68, do 09.04.2018, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 2.964 solicitudes.

I.5. Polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social) foron tramitadas as solicitudes e comprobado o cumprimento dos requisitos esixibles e a correspondente documentación acreditativa. A seguir, procedeu á súa avaliación de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta de data 25.09.2018).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 11.10.2018 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.937 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 180.052.008 e remata co nº 180.072.255), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018». O gasto total (1.619.992,24 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”.

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 1.027 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 180.051.966 e remata co nº 180.095.038) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirase a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes



Concello de Vigo

establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

I.8. Contra este Acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal recursos potestativos de reposición. De todos eles, propúxose inicialmente á XGL estimar un total de 12, por cumprir os requisitos das bases da convocatoria; o que así fixo o órgano resolutorio na súa sesión do 21.02.2019. O gasto por este concepto foi de 7.551,66 €, financiable con cargo á aplicación nº 2310.480.00.02 (exercicio 2019).

I.9. Con todo, posteriormente e logo do exame máis polo miúdo dos recursos restantes, inicialmente considerados como susceptibles de desestimación, comprobouse que cinco (5) deles sí debían ser tamén estimados. Son, en concreto, os referidos ós expedientes núms. 153785/301, 152755/301, 154919/301, 153579/301 e 152651/301; recursos que agora se propón estimar expresamente polos motivos que en cada caso se indican.

I.10. Na súa sesión ordinaria do 07.03.2019 a Xunta de Goberno Local desestimou xa expresamente noventa e oito (98) recursos de reposición presentados contra o Acordo da XGL do 11.10.2018 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas económicas ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018» que figuraban no Cadro Anexo por superar o nivel de rendas máximo establecido nas Bases, non achegar toda a documentación requirida ou polas demais circunstancias que se expresaron en cada caso.

I.11. O importe total das cinco (5) axudas que se propón conceder nesta 2ª Resolución é de 2.904,60 €; gasto financiable con cargo á aplicación nº 2310.480.00.02 dos Orzamentos de 2019.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).

- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación – 2018 (Concello de Vigo; XGL do 11.01.2018; BOP nº 15, do 22.01.2018 e BOP nº 68, do 09.04.2018).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e pro actione que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución dos recursos a cualificación concreta que as persoas recorrentes lle asignen ós escritos de impugnación (reclamación, revisión...), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 11.10.2018, desestimatorio das súas solicitudes de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018».

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpoñense en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.



Concello de Vigo

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Examinados os respectivos recursos e revisadas e valoradas de novo as súas solicitudes de acordo coas Bases aprobadas, debe recoñecérselle ós solicitantes que a seguir se relacionan o dereito a percibir, ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018», unha axuda polo importe indicado para cada un de eles.

Achégase en cada un dos expedientes físicos, a modo de ficha, unha explicación pormiudada dos feitos e motivos que xustifican a estimación dos recursos en cuestión.

AEFAS 2018 (2ª Resol.) RECURSOS ESTIMADOS

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA (valor pto.: 96,82€)
1	39.463.107-Y	153785/301 180180000	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar aplicando deducción por gastos de vivenda acreditados de 175€ (aluguer).	2	193,64 €
2	36.079.820-L	152755/301 180185391	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar aplicando deducción por gastos de vivenda acreditados de 200€ (hipoteca).	4	387,28 €
3	53.184.182-V	154919/301 180194710	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar sen imputación de RISGA (non concorre o suposto de perda/renuncia previsto na Base sétima, Apdo. 7.1.3º).	6	580,92 €

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA (valor pto.: 96,82€)
4	36.142.569-R	152651/301 180175115	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar sen imputación de RISGA (non concorre o suposto de perda/renuncia previsto na Base sétima, Apdo. 7.1.3º).	16	1.549,12 €
5	36.117.974-Q	153579/301 180174310	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar aplicando deducción por gastos de vivenda acreditados de 325 (aluguer).	+2	193,64 € (diferencia entre o importe xa concedido por 6 ptos: 580,92 € e o que realmente lle corresponde por 8 ptos.: 774,56 €).
TOTAL:					2.904,60 €

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Estimar os recursos potestativos de reposición presentados polos solicitantes que a continuación se relacionan contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.10.2018 polo que se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2018», recoñecéndolle o dereito a percibir unha axuda en tal concepto polo importe indicado, que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02 dos Orzamentos de 2019.

Nº	RECORRENTE DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA (valor pto.: 96,82€)
1	39.463.107-Y	153785/301 180180000	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar aplicando deducción por gastos de vivenda acreditados de 175€ (aluguer).	2	193,64 €



Concello de Vigo

Nº	RECORRENT E DNI/NIE/PAS.	EXP. Nº DOC. Nº	MOTIVO ESTIMACIÓN	PUNTOS	IMPORTE AXUDA CONCEDIDA (valor pto.: 96,82€)
2	36.079.820-L	152755/301 180185391	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar aplicando deducción por gastos de vivenda acreditados de 200€ (hipoteca).	4	387,28 €
3	53.184.182-V	154919/301 180194710	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar sen imputación de RISGA (non concorre o suposto de perda/renuncia previsto na Base sétima, Apdo. 7.1.3º).	6	580,92 €
4	36.142.569-R	152651/301 180175115	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar sen imputación de RISGA (non concorre o suposto de perda/renuncia previsto na Base sétima, Apdo. 7.1.3º).	16	1.549,12 €
5	36.117.974-Q	153579/301 180174310	Recálculo da renda efectiva da unidade familiar aplicando deducción por gastos de vivenda acreditados de 325 (aluguer).	+2	193,64 € (diferencia entre o importe xa concedido por 6 ptos: 580,92 € e o que realmente lle corresponde por 8 ptos.: 774,56 €).
					TOTAL: 2.904,60 €

SEGUNDO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación do Acordo.

TERCEIRO: Publicar este acordo no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirase a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(318).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DA RÚA URZÁIZ.. EXPTE. 222/441.

Visto o informe de fiscalización do 17/04/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Pavimentación da rúa Urzáiz” (222-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Pavimentación da rúa Urzáiz” (222-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Pavimentación da rúa Urzáiz” (222-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Valor da baixa
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	40.471,54 €
2	HORDESCON, S.L.	35.205,20 €
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	33.841,29 €
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	33.601,28 €
5	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	32.637,92 €
6	NAROM, S.L.	24.645,94 €
7	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	21.330,81 €
8	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA	20.490,78 €



Concello de Vigo

	Licitadores	Valor da baixa
9	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	20.445,78 €
10	CIVIS GLOBAL, S.L.	4.650,18 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., o día 11 de abril de 2014, que presenta a documentación requirida o 11 e 15 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 17 de abril de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa economicamente para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula do 1 de abril de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de “Pavimentación da rúa Urzáiz” (222-441) por un prezo total de 109.534,17 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 19.010,06 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(319).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DE SERVICIO DE MANTENIMENTO DE ASCENSORES E ESCALEIRAS MECÁNICAS Á INTEMPERIE. EXPTE. 29/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 17/04/19, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir a SCHINDLER, S.A. deste procedemento, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, e non telos xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte ao informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 9 de abril de 2019.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441) na seguinte orde descendente:



Concello de Vigo

	Licitadores	Puntuación
1	THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U.	91,00
2	ASCENSORES ENOR, S.L.	72,66

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(320).- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO DA XGL DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE CONTROL DE ACCESOS A VIGOZOO. EXPTE. 6306/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/04/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de marzo de 2019 acordou o seguinte:

“1º.- Iniciar o procedemento para a resolución do contrato de servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal, adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 23 de setembro de 2016 a COYMA SERVICIOS GENERALES, SA, por un prezo total de 80.972,49 euros e un prazo de dous anos, por concorrer a causa prevista no

artigo 223.d do TRLCSP, a demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.

2º.- Dar traslado do presente acordo ó contratista, concedéndolle un prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte á recepción do presente acordo para formular as alegacións que estime convenientes”.

Como pode apreciarse no acordo existe un erro na denominación do expediente obxecto de incoación que é o servizo de atención e control do público en VigoZoo e non o que figura no acordo servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa advertiuse o seguinte erro material no apartado primeiro do acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de marzo de 2019;

- Onde dí “servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal” debe dicir “servizo de atención e control do público en VigoZoo”

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de marzo de 2019 na incoación do expediente de resolución do contrato do servizo de atención e control do público en VigoZoo que quedará redactado da forma seguinte:

“1º.- Iniciar o procedemento para a resolución do contrato de servizos de atención e control do público en VigoZoo, adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 23 de setembro de 2016 a COYMA SERVICIOS GENERALES, SA, por un prezo total de 80.972,49 euros e un prazo de dous anos, por concorrer a causa prevista no artigo 223.d do TRLCSP, a demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.



Concello de Vigo

2º.- Dar traslado do presente acordo ó contratista, concedéndolle un prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte á recepción do presente acordo para formular as alegacións que estime convenientes”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(321).- PROPOSTA DE CESIÓN DE CONTRATO DE MANTEMENTO DE SOFTWARE DESENVOLVIDO INTERNAMENTE. EXPTE. 8280/113.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/04/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro-delegado da Área de Contratación, e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

–Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).

–Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (2018-2019) por procedemento aberto (PCAP).

ANTECEDENTES

D. Avelino Álvarez Domínguez, en nome e representación de AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L. (en adiante AFI ou o cedente), mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello de data 28 de xaneiro de 2019, solicita autorización para a cesión do contrato de servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do

Concello de Vigo (2018-2019), do que é adxudicataria, á IMATIA INNOVATION, S.L.(en adiante IMATIA ou o cesionario)

É preciso comezar realizando unha relación fáctica, por orde cronolóxico, dos antecedentes máis relevantes deste procedemento de licitación:

Primeiro.- En data 30 de novembro de 2017, a Xunta de Goberno Local, acordou, entre outros extremos, aprobar o expediente de contratación de servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (2018-2019), autorizar o gasto e abrir a licitación deste procedemento.

Segundo.- En data 1 de marzo de 2018, trala tramitación do procedemento de licitación, a Xunta de Goberno Local, acordou a adxudicación do contrato a AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 200.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 34.710,74 euros, cunha redución do 3% aplicable aos prezos unitarios previstos no apartado 3G das FEC do PCAP.
- b) Comprométese a efectuar sen custo para o Concello:
 - 45 h/ano de programador
 - 37 h/ano de analista programador
 - 12h/ano de director de proxecto

Terceiro.- En data 7 de marzo de 2018, formalizouse o contrato en documento administrativo, comezando a súa execución, e en consecuencia o cómputo do prazo, o día seguinte. O contrato finalizará o 31 de decembro de 2019.

Cuarto.- En data 6 de febreiro de 2019, tras a solicitude de cesión, evacuouse trámite de audiencia ao cesionario a efectos de que manifestase a súa conformidade ou desconformidade coa mesma e, en caso de estar conforme, presentase a documentación acreditativa de ter aptitude para contratar co sector público, da solvencia económica, financeira e técnica que foi esixida no seu momento para participar na licitación e procedese a constitución dunha garantía definitiva por importe de 8.264,46 euros.

Quinto.- En data 15 de febreiro de 2019, D. Fernando Antonio Vázquez Núñez, en nome e representación de IMATIA, achega unha declaración responsable, un certificado do Rexistro Mercantil no que constan as súas contas anuais, e o resgardo de ter constituído a garantía definitiva.



Concello de Vigo

Sexto.- En data 22 de abril de 2016, o xefe do servizo de Administración electrónica, responsable do contrato, emite informe, no que tras relatar as principais vicisitudes polas que atravesou o presente contrato, manifesta non existir impedimentos a súa cesión, e da traslado do expediente ao servizo de contratación para tramitar a proposta de autorización da mesma.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable á cesión

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta cesión. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

-II-

Natureza da cesión do contrato e requisitos da mesma

A cesión dun contrato implica unha novación subxectiva dunha das partes do contrato, o contratista, que é substituído por un terceiro que se subroga na súa posición xurídica. Este terceiro, cesionario, quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que correspondesen ao contratista ou cedente.

Tratase dun negocio privado entre dous empresarios, sexan persoas físicas ou xurídicas, polo cal un substitúe ao outro no cumprimento dun contrato, se ben, para a súa validez necesita do concurso da vontade da Administración contratante.

A cesión, por imperativo do artigo 105 do TRLCSP, rexese polas súas propias normas. O TRLCSP contén a súa regulación no artigo 226. O PCAP que rexe este contrato regúlaa na cláusula 38.

O presuposto básico da cesión é que o contrato sexa susceptible de cederse. O artigo 226.1 do TRLCSP non permite a cesión nos seguintes supostos:

- Cando as calidades técnicas ou persoais do cedente fosen razón determinante da adxudicación do contrato.
- Cando da cesión resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado.
- Cando a cesión supoña unha alteración substancial das características do contratista si estas constitúen un elemento esencial do contrato.

Os requisitos indispensables para a cesión do contrato están recollidos no artigo 226.2 do TRLCSP. Estes son:

- Requisitos obxectivos:
 - Que o cedente teña executado polo menos un 20% do importe do contrato ou, cando se trate da xestión de servizo público, que efectúe a súa explotación durante polo menos unha quinta parte da súa duración.

- Requisitos subxectivos:
 - Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración.
 - Non estea incurso nunha prohibición de contratar.
 - Teña a solvencia esixible ou, no seu caso, a debida clasificación si foi esixida ao cedente.

- Requisitos formais:
 - Que o órgano de contratación autoríceo previa e expresamente.
 - Que a cesión se formalice entre o adxudicatario e o cesionario en escritura pública.

O PCAP non esixe requisitos adicionais.

Analizaremos a continuación se o presente contrato é susceptible de cesión, e en caso afirmativo, se concorren os requisitos legais para a autorizala.

O obxecto do contrato que nos ocupa é o servizo de mantemento de aplicacións informáticas propiedade desta Administración. Pola natureza das prestacións obxecto do contrato no PCAP non se esixiu ningunha característica técnica ou persoal ao contratista, nin se adxudicou en atención as súas calidades, así o pon de releve o responsable do contrato en informe de 22 de abril de 2019.

Da cesión do presente contrato non resulta ningunha restrición á competencia no mercado pois nin pola súa contía, nin pola súa duración, 1 ano, 9 meses e 24 días (apartado 4.A da FEC), afecta de modo significativo ao mercado do sector, nin é tampouco un contrato estratéxico.

Comprobado que o contrato que nos ocupa é susceptible de cesión, resta comprobar si se cumpren os requisitos esixidos pola lei para a mesma. Dos requisitos citados, é preciso comprobar se concorren os obxectivos e os subxectivos, por canto, respecto aos requisitos formais, a autorización do órgano de contratación so poderá outorgarse de concorrer aqueles, e a formalización por escrito é posterior ao acordo de autorización.

Respecto ao cumprimento dos requisitos obxectivos, hai que por de releve que o cedente xa executou máis dun 20% do importe do contrato. Efectivamente, o prazo do contrato é de un ano e 9 meses, e xa transcorreu máis dun ano dende a súa adxudicación, é dicir, máis da



Concello de Vigo

metade do seu prazo. Tal e como informa o responsable do contrato no citado informe, neste momento a execución é dun 49% do contrato.

En relación á acreditación dos requisitos subxectivos, o cedente achega a seguinte documentación:

- Declaración responsable presentada por D. Fernando Antonio Vázquez Núñez, en nome e representación de IMATIA, S.L., no que esta última declara:
 - reunir os requisitos de capacidade xurídica e de obrar
 - non estar incursoa en prohibición de contratar co sector público
 - estar o corrente das súas obrigas tributarias e de seguridade social
 - coñecer os pregos que rexen o presente contrato e aceptalos incondicionalmente
 - comprometerse á aceptar a cesión do contrato
 - comprometerse a prestar a garantía definitiva

- Xustificante de ter presentado a garantía definitiva requirida.

Esta Administración, de oficio, ten comprobado tanto a personalidade e o obxecto social da sociedade, como o poder de representación da persoa que presenta a documentación, así como que o cesionario está ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, a Xunta de Galicia, a Seguridade Social e a Administración municipal.

Comprobada a documentación achegada e a consultada de oficio por esta Administración, tanto no Rexistro de Contratistas de Galicia como nas plataformas de interconexión con outras Administracións, quedan acreditados os requisitos de capacidade xurídica e de obrar, e a solvencia do cesionario para subrogarse na posición do cedente no presente contrato, así como que esta o corrente das súas obrigas fiscais e tributarias coas diferentes administracións territoriais e coa Seguridade Social.

Podemos concluir que, dado que o contrato é susceptible de cesión, que cúmprense os requisitos obxectivos e subxectivos esixidos polo artigo 226 do TRLCSP, e que o responsable do contrato, en informe de data 22 de abril de 2019, manifesta non existir impedimentos á cesión do contrato, procedería outorgar a autorización solicitada para a cesión do contrato. Pois, tal e como establece a doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación, “el control de los requisitos enunciados se lleva a cabo a través de la preceptiva autorización previa y expresa del órgano de contratación. Como ha señalado desde ya hace tiempo el Consejo de Estado (Dictamen 36898/1970, de 9 de julio), «dicha autorización debe entenderse no como un nuevo otorgamiento discrecional, sino como un mero control de la regularidad de la transmisión», de lo cual se infiere un certo carácter reglado en el otorgamiento de la autorización, sin perjuicio del matiz discrecional que implica la valoración de las cualidades técnicas y personales del cedente como determinantes, o no, de la adjudicación del contrato. En cualquier caso, la autorización del órgano de contratación reviste carácter preceptivo, sin la cual la cesión (insistimos, que es un negocio privado entre empresas) carece de efectos jurídicos frente a la Administración. En consecuencia, la respuesta de la Administración a la cesión contractual solo podrá ser negativa si, de forma motivada, se argumenta que el

cesionario no acredita la solvencia y capacidad adecuadas para sustituir al contratista originario" (Acordo 59/2013, de 28 de outubro de 2013, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón).

-III-

Garantías do contrato

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Na actualidade unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva. Se ben se permite que en casos especiais, o órgano de contratación poida establecer no prego de cláusulas que, ademais da garantía definitiva, préstese unha complementaria de ata un 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podendo alcanzar a garantía total un 10 por 100 do prezo do contrato (artigo 95.2).

A garantía definitiva responde, segundo o artigo 100 do TRLCSP:

- a) Das penalidades impostas ao contratista conforme ao artigo 212.
- b) Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración por demórra do contratista no cumprimento das súas obrigacións, e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- c) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nesta Lei estea establecido.
- d) Ademais, no contrato de fornezo a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens fornecidos durante o prazo de garantía que se previu no contrato.

Esta garantía esexese ós que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ao licitador primeiro clasificado. De no constituírse no prazo concedido ao efecto, decaera o seu dereito á adxudicación do contrato, e o órgano de contratación adxudicará o contrato ó licitador seguinte, polo orde no que quedasen clasificadas as ofertas (artigo 99 en relación co artigo 151 do TRLCSP).

Para responder do cumprimento deste contrato AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L. constituíu na Tesourería do Concello garantía definitiva por importe de 8.264,46 euros, segundo mandamento de ingreso no 201800016203, de data 16 de febreiro de 2018.



Concello de Vigo

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, se prevé a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ó adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

No caso que nos ocupa o contrato non foi modificado. En consecuencia, o importe da garantía prestada polo actual adxudicatario permanece invariable (artigo 102.4 do TRLCSP).

Nos casos de cesión, a lei prevé que o cesionario deberá constituír a garantía definitiva. Unha vez que se ache formalmente constituída a garantía polo cesionario, procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente. IMATIA constituíu xa a garantía definitiva polo que unha vez que se formalice a cesión, procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente.

-IV-

Formalización do acordo de cesión do contrato

Outorgada a autorización para a cesión, para que esta se perfeccione e produza efectos xurídicos é preciso que se formalice en escritura pública, requisito formal constitutivo da mesma (artigo 226.2.d do TRLCSP).

Consecuentemente, o presente acordo sometese á condición suspensiva de formalización da cesión en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ao Concello.

-V-

Data dos efectos da cesión

Respecto á data dos efectos da cesión do contrato, a xurisprudencia sinala como tal a data do inicio do prazo contractual, se ben admite a posibilidade de que a Administración poida autorizar que os efectos se produzan a partir dunha data determinada, sempre e cando ilo non resulte contrario ó interese público. Nesta liña, establece a Sentenza do Tribunal Supremo de 14 de outubro de 2005 (LA LEY 1938/2005) que "a tenor del párrafo segundo del artículo 182 del Reglamento, el cesionario queda subrogado en todos los derechos y obligaciones que correspondían al cedente, debiendo entenderse que esta subrogación se refiere a la totalidad del tracto de la relación contractual, y no se produce sólo a partir del momento en que se suscribe el contrato de cesión". "[...] la finalidad del acto administrativo que autoriza la cesión es garantizar el interés público en el cumplimiento del contrato y de las obligaciones derivadas del mismo. Por tanto si existe otra entidad contratista que se

considera apta para asumir las obligaciones contractuales y se entiende que el interés Público está garantizado, nada se opondrá a que la Administración esté actuando conforme a derecho al autorizar la cesión, y ello incluso en el caso de que sus efectos se contraigan a las obligaciones y derechos posteriores a la cesión misma. Pues la cuestión decisiva es que resulte garantizado el interés público en la ejecución de la obra, y así sucede cuando los posibles incumplimientos anteriores a la cesión puedan dar lugar a un resarcimiento de la Administración. Por otra parte y por lo que se refiere al caso de autos, ya que se hizo sin ninguna reserva, la autorización afectaba a la totalidad del negocio jurídico de cesión, y por tanto a la cláusula del contrato en que se materializó ésta en la que se establecían los derechos y obligaciones del cedente y el cesionario”.

Consecuentemente, a subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirá efectos dende a data do inicio da execución do mesmo.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

No presente caso non é preceptivo o informe da Asesoría Xurídica nin a fiscalización da Intervención Xeral (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP), ó non comportar gasto para a Administración municipal. Neste senso pronúnciase a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no seu informe 24/1996, que determina que non é necesaria a fiscalización previa xa que a cesión non orixina para a Administración ningunha obriga que non estea xa contemplada no contrato cedido. Criterio seguido tamén polo Acordo 59/2013, de 28 de outubro de 2013, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón

No entanto, tendo en conta que a actuación da Intervención resulta necesaria para axustar os documentos contables á nova situación, parece aconsellable darlle traslado previo da presente proposta ós efectos oportunos.

-VII-

Acordo

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:



Concello de Vigo

1º.- Autorizar a cesión do contrato de servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (2018-2019) por procedemento aberto, adxudicado a AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., por resolución da Xunta de Goberno Local de 1 de marzo de 2018, á favor da mercantil IMATIA INNOVATION, S.L.

2º.- IMATIA INNOVATION, S.L., prestou garantía definitiva por importe de 8.264,46 euros. Unha vez que se formalice a presente cesión, procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.

3º.- A cesión quedará condicionada á formalización da mesma en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ao Concello.

4º.- A subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirase dende a data do inicio da execución do mesmo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(322).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019. EXPTE. 18222/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/03/19 e o informe de fiscalización do 16/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concellerio-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 18.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.04 a favor da entidade Real Clube Celta de Atletismo polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2018/2019.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo conta cun equipo de élite na modalidade de Atletismo na categoría Primeira Nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Primeira Nacional hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2018/2019, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Real Club Celta de Atletismo e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.



Concello de Vigo

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Real Clube Celta de Atletismo para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida

orxamentaria 3410.489.00.04, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Real Clube Celta de Atletismo durante a tempada deportiva 2018/2019, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Real Clube Celta de Atletismo para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2018/2019 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 18.000,00€. a favor da entidade Real Club Celta de Atletismo co CIF: G-36945319 e enderezo social na enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18222-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.04 do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18222/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, que actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.



Concello de Vigo

Doutra, D. Jose Angel Serantes Arias como presidente da entidade Real Club Celta de Atletismo CIF nº G-36945319 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18222-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Real Club Celta de Atletismo durante a tempada 2018-2019. A entidade conta cun equipo de élite que participa na categoría Liga Nacional de Primeira División desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Real Club Celta de Atletismo desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2018/2019.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Real Club Celta de Atletismo impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Atletismo en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.

- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.04 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 18.000,00 €, a favor da entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Real Club Celta de Atletismo na tempada deportiva 2018/2019.

VI.- Que a entidade Real Club Celta de Atletismo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18222-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Atletismo conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Real Club Celta de Atletismo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Atletismo na tempada 2018/2019.



Concello de Vigo

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacions en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Real Club Celta de Atletismo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Real Club Celta de Atletismo (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Real Club Celta de Atletismo unha subvención por importe de 18.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.04 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2018/2019, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.



Concello de Vigo

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas



Concello de Vigo

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo séptimo.- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2019.

9(323).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DOS ALIMENTOS PRECISOS PARA OS ANIMAIS (PATOS, GANSOS...) QUE HABITAN OS LAGOS E ESTANQUES DOS PARQUES MUNICIPAIS DEPENDENTES DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 11834/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15/04/19 e o informe de fiscalización do 22/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 09/04/19, asinado polo xefe de Montes Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado

de Parques Xardíns e polo Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 1 de febreiro de 2019, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en data 4 de febreiro de 2019, asinan informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación do subministro dos alimentos precisos para os animais (patos, gansos...) que habitan os lagos e estanques dos parques municipais responsabilidade do Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

2.- Mediante resolución de inicio de expediente de contratación, de data 6 de febreiro de 2019, o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos resolve iniciar o expediente de contratación.

3.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 18 de febreiro de 2019, e polo xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en data 19 de febreiro de 2019.

4.- A Memoria xustificativa, de data 4 de abril de 2019, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, de data 4 de abril de 2019.

5.- En data 4 de abril de 2019, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

6.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa do Servizo de Contratación en data 4 de abril de 2019.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iníciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos acorda iníciar o expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, se tramita como un contrato de subministro, en función das necesidades da administración con orzamento máximo (Disposición Adicional 33ª da LCSP).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado de tramitación abreviada, conforme ao disposto nos artigos 116, 131.2 e 159.6 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é inferior a 100.000,00€ e non hai ningún criterio avaliable mediante xuízo de valor.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do contrato de subministro dos alimentos precisos para os animais (patos, gansos...) que habitan os lagos e estanques dos parques municipais responsabilidade do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, así como o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 19 de febreiro de 2019 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 4 de abril de 2019.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 2.000,00€, que inclúe un IVE de 76,92€ , o cal se imputará á partida 1710.2211300 "MANTEMENTO ANIMAIS", que se distribuirá en tres anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

Ano	Importe
2019	500,00€
2020	1.000,00€
2021	500,00€

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(324).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL DE XARDINERÍA. EXPTE. 11832/446.

Visto o informe xurídico do 15/04/19 e o informe de fiscalización do 22/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 09/04/19, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Parques Xardíns e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

- 1.- En data 1 de febreiro de 2019, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e, en data 4 de febreiro de 2019, o xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos asinan informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación do subministro de materiais de xardinería.
- 2.- Mediante resolución de inicio de expediente de contratación, de data 6 de febreiro de 2019, o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos resolve iniciar o expediente de contratación.
- 3.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 18 de febreiro de 2019 e polo xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos en data 19 de febreiro de 2019.
- 4.- A Memoria xustificativa asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 3 de abril de 2019, e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, de data 4 de abril de 2019.
- 5.- En data 4 de abril de 2019, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- 6.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa do Servizo de Contratación en data 4 de abril de 2019.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de

Área. O concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos acorda iniciar o expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, se tramita como un contrato de subministro, en función das necesidades da administración con orzamento máximo (Disposición Adicional 33ª LCSP 2017).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado de tramitación abreviada, conforme ao disposto nos artigos 116, 131.2 e 159.6 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é inferior a 100.000,00€ e non hai ningún criterio avaliable mediante xuízo de valor.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.



Concello de Vigo

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do contrato de subministro de material de xardinería, así como o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 19 de febreiro de 2019 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 4 de abril de 2019.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 8.000,00€, que inclúe un IVE de 1.057,85€ , o cal se imputará á partida 1710.2100000 “MANTEMENTO PARQUES, XARDÍNS, ALAMEDAS E PARQUES FORESTAIS”, que se distribuirá en tres anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

Ano	Importe
2019	2.000,00€
2020	4.000,00€
2021	2.000,00€

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(325).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PRODUTOS DE LIMPEZA E DROGUERÍA. EXPTE. 11831/446.

Visto o informe xurídico do 15/04/19 e o informe de fiscalización do 22/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 09/04/19, asinado polo xefe de Montes Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Parques Xardíns e polo Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 1 de febreiro de 2019, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en data 18 de febreiro de 2019, asinan informe

xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación do subministro de produtos de limpeza e droguería.

2.- Mediante resolución de inicio de expediente de contratación, de data 6 de febreiro de 2019, o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos resolve iniciar o expediente de contratación.

3.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 19 de febreiro de 2019 e polo xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos en data 20 de febreiro de 2019.

4.- A Memoria xustificativa asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 3 de abril de 2019 e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en data 4 de abril de 2019.

5.- En data 4 de abril de 2019, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

6.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa do Servizo de Contratación en data 4 de abril de 2019.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos acorda iniciar o expediente de contratación.



Concello de Vigo

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo no artigo 16 da LCSP, se tramita como un contrato de subministro, en función das necesidades da administración con orzamento máximo (Disposición Adicional 33ª da LCSP 2017).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado de tramitación abreviada, conforme ao disposto nos artigos 116, 131.2 e 159.6 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é inferior a 100.000,00€ e non hai ningún criterio avaliable mediante xuízo de valor.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do contrato de **subministro de produtos de limpeza e droguería**, así como o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 20 de febreiro de 2019 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 4 de abril de 2019.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 8.000,00€, que inclúe un IVE de 1.388,43€, o cal se imputará á partida 1710.2211000 "PRODUTOS DE LIMPEZA", que se distribuirá en tres anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

Ano	Importe
2019	2.000,00€
2020	4.000,00€
2021	2.000,00€

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(326).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO PROCEDUREMTO DE CONTRATO MENOR NO SERVIZO DE MONTES PARQUES E XARDÍNS, NOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2019. EXPTE. 12016/446.

Dáse conta do informe-proposta de data 15/04/19, asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao sinalado no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), que no seu punto 4 dispón que:



Concello de Vigo

“A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario.

Quedan exctpuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adxudicadores fose o de anticipo de caixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores.”

Formúlase a seguinte **PROPOSTA**:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo procedemento de contrato menor no Servizo de Montes, Parques e Xardíns, nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2019.

Expte	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data resolución	Importe
11800/446	CMSE	Poda das árbores do parque de O Castro	AGRONERGA, SL	1710.2100000	11/02/2019	15.609,00 €
11856/446	CMSE	Realización do control arqueolóxico da reforma das instalacións de skate no parque de O Castro	Anta de Moura, SL	1710.6190000	14/03/2019	963,12 €
11861/446	CMSE	Redacción do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais	Cartoplan Atlántico, SL	1710.2270600	11/03/2018	17.908,00 €
11855/446	CMSE	Coordinación de seguridade e saúde das obras de reforma das instalacións actuais de skate no parque de O Castro	CSM Gestión de Seguridad en Construcción, SLU	1710.6190000	11/03/2019	605,00 €
11842/446	CMSE	Coordinación de seguridade e saúde das obras de recuperación das instalacións da pista deportiva de skate da zona verde da rúa Jenaro de la Fuente	CSM Gestión de Seguridad en Construcción, SLU	1710.6190000	06/03/2019	605,00 €
11864/446	CMSUB	Adquisición de material de ferretería	Garciventa, SL	1710.2219903	14/03/2019	10.000,00 €

Expte	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data resolución	Importe
11865/446	CMSUB	Adquisición de material de construción	Garciventa, SL	1710.2100000	15/03/2019	18.000,00 €
11866/446	CMSUB	Adquisición de material eléctrico	Garciventa, SL	1710.2219903	20/03/2019	1.000,00 €
11798/446	CMO	Obras de recuperación das instalacións da pista deportiva de skate da zona verde da rúa Jenaro de la Fuente	Limonta Sport Ibérica, SL	1710.6190000	20/02/2019	48.227,24 €
11853/446	CMO	Obras de reforma das instalacións actuais de skate no parque de O Castro	Limonta Sport Ibérica, SL	1710.6190000	13/03/2019	32.793,95 €
11818/446	CMSE	Reparación de maquinaria	Martínez Cameselle, Fernando	1710.2130000	11/02/2019	12.000,00 €
11854/446	CMSE	Dirección das obras de reforma das instalacións actuais de skate no parque de O Castro	Martínez Santorio, María del Carmen	1710.6190000	11/03/2019	1.923,90 €
11867/446	CMSUB	Adquisición de material de fontanería e rega	Rinxela Ferretería, SLU	1710.2219901	21/03/2019	15.000,00 €
11877/446	CMSE	Retirada e xestión de residuos vexetais	Rial González, Francisco Javier	1710.2100000	21/03/2019	18.000,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

13(327).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO", PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2018 AO 30 DE SETEMBRO DE 2019. EXPTE. 8662/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 08/03/19 e o informe de fiscalización do 10/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 04/03/19, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delgado de Participación Cidadá, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 15/02/2019, D. Camilo Pais Martínez (DNI: 35995159K), en calidade de Presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF: G-36704666), achegou a documentación precisa para a formalización do convenio de colaboración entre o Concello e a referida entidade, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación entre o 1 de novembro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019.

Segundo anexo, de data 15/02/2018, e en virtude do art. 20 dos Estatutos da federación, é o Presidente da Federación, D. Camilo Pais Martínez, quen ostenta o cargo de Presidente e, polo tanto, lle corresponde a representación legal da entidade, estando facultado, pola Xunta Directiva e polos propios estatutos, para asinar o convenio de colaboración co concello de Vigo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.**

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

- Ano 2018: expte. 8050/320
- Ano 2017: expte. 7577/320
- Ano 2016: expte. 7349/320
- Ano 2015: expte. 6988/320
- Ano 2014: expte. 6573/320
- Ano 2013: expte. 6104/320
- Ano 2012: expte. 5760/320
- Ano 2011: expte. 5212/320
- Ano 2010: expte. 4632/320
- Ano 2009: expte. 4093/320
- Ano 2008: expte. 3442/320

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais



Concello de Vigo

destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.

Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4890001 “Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo”, cunha dotación de 15.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 143/90, segundo resolución da Alcaldía de data 24/04/1990.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” para subvencionar os gastos derivados da organización, promoción e execución das súas actividades programadas entre o 1 de novembro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019 para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá.

Deste xeito, os arts. 2 e 3 dos Estatutos da Federación, contempla entre os fins e actividades que constitúen o seu obxecto social e cuxa realización se subvenciona co presente convenio, encóntranse:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.

- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.
- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a "Federación de Peñas Recreativas El Olivo" nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida nº 9240 4890001, denominada "*Convenio Federación de Peñas Recreativas El Olivo*", cunha dotación orzamentaria de 15.000 €.

DOCUMENTACIÓN

A "Federación de Peñas Recreativas El Olivo", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 28/02/2019
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 28/02/2019
 - Seguridade Social, de data 28/02/2019
 - Concello de Vigo, de data 28/02/2019

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).



Concello de Vigo

4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Oposición ou non á consulta por parte do Concello de Vigo a consulta de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ÁREAS	CONCEPTO	ORZAMENTO	CONTÍA SOLICITADA
	Xestión e administración	7.200,00 €	7.000,00 €
Promoción	Edición da " Revista Anuario"	1.200,00 €	1.000,00 €
Convivencia	Festa das Peñas e Cea Irmandade	5.300,00 €	5.000,00 €
Social	XXXV Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	2.300,00 €	2.000,00 €
TOTAIS		16.000,00 €	15.000,00 €

8. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
 - a) Fundamentación, obxectivos e metas
 - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
 - c) Lugar de realización
 - d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
 - e) Recursos humanos e materiais
 - f) Sistemas de avaliación, etc.

9. Seguro de Responsabilidade Civil.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

ANTICIPO

Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo

as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 30 de setembro de 2019, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/18 e o 30/09/19, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace



Concello de Vigo

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES09 2080 5077 933040016285 (ABANCA), segundo anexo presentado de data 15/02/2019.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presuposto.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a

resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 20.2 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890001, denominada “*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*”, incluída no vixente orzamento municipal.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF.- G-36704666), cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade a realizar pola entidade entre novembro de 2018 e setembro de 2019, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos derivados da súa organización, promoción e execución e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditalar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezanove

REUNIDOS



Concello de Vigo

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Camilo Pais Martínez, con DNI 35995159-K, en calidade de Presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF : G-36704666), con domicilio social na rúa Otero Pedraio - Praza de Galegos Ilustres de Vigo, nº 5, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da documentación incorporada ao expte: 8662/320.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que a entidade “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*”, de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- A estimulación e o desenvolvemento do deporte.
- O fomento e a estimulación da cultura e o arte.
- A organización e desenvolvemento de eventos recreativos.
- O apoio a iniciativas realizadas en prol do desenvolvemento cultural de Vigo.

- Outras: organización de equipos deportivos, programación de xogos, excursións, torneos e outros eventos recreativos, organización de conferencias, actos culturais, veladas artístico-musicais...

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 143/90.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas para os meses de novembro de 2018 ata setembro de 2019, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos derivados da organización, fomento e execución das mesmas.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada “Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 15.000 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos necesarios para levar a organización, promoción e execución das actividades programadas pola federación de novembro de 2018 a setembro de 2019, cuxa contía, segundo proxecto de actividades e orzamento, achegados pola entidade, ascende a:

ÁREAS	CONCEPTO	ORZAMENTO	CONTÍA SOLICITADA
	Xestión e administración	7.200,00 €	7.000,00 €
Promoción	Edición da “ Revista Anuario”	1.200,00 €	1.000,00 €
Convivencia	Festa das Peñas e Cea Irmandade	5.300,00 €	5.000,00 €
Social	XXXV Trofeo Cidade de Vigo de Xogos de Mesa	2.300,00 €	2.000,00 €
TOTAIS		16.000,00 €	15.000,00 €

VII.- Que a entidade “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.



Concello de Vigo

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*” comprométese a colaborar coa concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a organización, promoción, fomento e execución das actividades obxecto do presente convenio.
2. Comunicar ao Concello de Vigo, Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
3. Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
4. A revista “Anuario” reservará dúas páxinas para os saúdas do alcalde e do concelleiro de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto “Patrocinado polo Concello de Vigo - Concellaría de Participación Cidadá-” co seu logotipo oficial. As páxinas para espazos publicitarios incluíranse no interior do libro e limitaranse a un máximo de 16. Na memoria final deberán indicarse os importes dos patrocinios publicitarios inxeridos na revista.
5. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

8. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

9. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto coa correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual, e inventario actualizado das dotacións e instalacións, deixando constancia do estado de conservación das mesmas.

10. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

11. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.

12. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade *Federación de Peñas Recreativas El Olivo* unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240 4890001, denominada "*Convenio Federación Peñas Recreativas El Olivo*" do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados organización, promoción, execución e, en definitiva, fomento das actividades sociocomunitarias programadas pola entidade para os meses de novembro de 2018 ata setembro de 2019.

2. Respetar a estrutura organizativa da "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.



Concello de Vigo

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 1 de novembro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "*Federación de Peñas Recreativas El Olivo*" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2019**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas dixitalmente.



Concello de Vigo

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitud de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir, como mínimo, o importe da

subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado, ou no seu caso, recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.



Concello de Vigo

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, e de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES09 2080 5077 93 3040016285 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/11/18 e o 30/09/19.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.



Concello de Vigo

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2019, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2019.

14(328).- REVISIÓN DE PREZOS NO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN DA REDE SEMAFÓRICA. EXPTE. 107994/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 29/03/19, asinado polo xefe da

Área de Seguridade e Mobilidade, o concelleiro-delegado de Área, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

1.- O 2 de febreiro de 2018, D. Franciso Javier Estevez Arosa, en nome e representación da UTE Esycsa-Etra, con NIF U36920692 adxudicataria do concurso convocado para a contratación do servizo de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministro, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria e prestación de servizos complementarios do Concello de Vigo, solicita a revisión de prezos do mencionado contrato, para a anualidade 2017/2018.

2.- Fundamentación xurídica:

Na cláusula V do Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o presente contrato se establece expresamente que o contrato poderá dar lugar só a revisión ordinaria que procederá para todos os prezos do contrato en función das variacións experimentadas polo IPC xeral establecido para todo o territorio nacional, elaborado polo INE e publicado no BOE, a petición e xustificación do contratista.

3.- Cálculo da actualización do prezo do contrato:

Primeiro: O importe de mantemento do APARTADO A resulta da suma das facturas realizadas nese período, e polo tanto, non coincide co valor calculado do IPC directamente aplicado sobre a base do contrato xa que o apartado de mantemento debe calcularse segundo Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o contrato na Cláusula IV xustificado no ANEXO I deste informe de proposta, resultando unha vez revisado os períodos o seguinte importe parcial.

–APARTADO A: Mantemento, conservación e reparación: **2.623.926,31€** euros/ano

Segundo.- Para a revisión da anualidade nos apartados B-C e D de xullo 2017 , a aplicar a partir do 1 de xullo de 2018, deberáselle aplicar ao prezo fixado xuño 2017 (Expte 102246/210) á actualización do IPC, que segundo datos facilitados polo INE no período xuño 2017/2018 foi de 2,3%, resultando unha vez revisado os períodos os seguintes importes parciais:

–APARTADO B: Subministro e instalación para renovación de equipos e instalación segundo o establecido no Prego de prescricións técnicas: **607859,40** euros/ano

–APARTADO C: Remodelación e ampliación de instalacións: **199,687,77** euros/ano.

–APARTADO D: Mantemento do túnel de Beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula 1.4 do Prego de cláusulas administrativas: **187,877,04** euros/ano.



Concello de Vigo

PREZO CONTRATO A XULLO 2018

	Varicións IPC	APTD. B	APTD. C	APTD. D
Prezo xullo 2.017 (Epxt: 102246/210)		594.192,96 €	195.198,21 €	183.653,02 €
Precio xullo 2.018	IPC (2,30%)	607.859,40 €	199.687,77 €	187.877,04 €

4.- Cálculo do IPC atrasado pendente de pago:

XULLO 2.018-OUTUBRO 2.018	
Valor IPC 0,1%	TOTAIS
Xullo 2018 (IVE 21%)	257.571,89 €
Agosto 2018 (IVE 21%)	237.253,32 €
Setembro 2018 (IVE 21%)	266.679,66 €
Outubro 2018 (IVE 21%)	234.922,26 €
Novembro 2018 (IVE 21%)	254.709,92 €
Decembro 2018 (IVE 21%)	232.362,59 €
Xaneiro 2019 (IVE 21%)	334.069,57 €
Febreiro 2019 (IVE 21%)	326.291,93 €
Marzo 2019 (IVE 21%)	293.117,10 €
TOTAL 2.017-2.018	2.436.978,24 €
IPC -2,3%	56.050,50 €

O funcionario que subscribe propón ao Concelleiro delegado que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización, a seguinte proposta, que é coincidente coa que figura anteriormente mencionado.

Proposta de acordo:

PRIMEIRO: O prezo do contrato a partir do 1 de xullo de 2018 quedará establecido na cantidade de **3.619.350,52** euros/ano e os seguintes importes parciais:

- Mantemento, conservación e reparación: **2.623.926,31€** euros.
- Subministro e instalación para renovación de equipos e instalacións segundo o plan establecido no Prego de prescricións técnicas: **607859,40** euros.

- Remodelación e ampliación de instalacións por un importe fixo de **199,687,77** euros.
- Mantemento do túnel de Beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula 1.4 do Prego de cláusulas administrativas: **187,877,04** euros.

SEGUNDO: Recoñecer á empresa o dereito a percibir a cantidade de **56.050,50€** correspondente o IPC de xullo 2018 ata marzo 2019, con cargo á partida 1330 2279903.

ANEXO I: XUSTIFICACIÓN DO PREZO DO APARTADO A PARA A, ANO 2019

Segundo o Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o contrato na Cláusula IV último parágrafo indicase que o importe da facturación mensual do Apartado A incrementase ou decrementase en función de:

- As novas instalacións que haxan terminado no período de garantía.
- As instalacións procedentes doutras administracións públicas que pase a manter o Concello de Vigo.
- As instalacións que se desmonten o deixen de prestar servizo.

Polo tanto a facturación do Apartado A depende do inventario real existente na cidade en cada mes.

PASOS A SEGUIR:

1º IMPORTE DA FACTURA SETEMBRO DE 2018

Para o cálculo deste Apartado pártese da factura de setembro de 2018 xa que está feita en base o inventario de mantemento máis actualizado excluindo as instalacións feitas no mesmo mes.

El importe del apartado A en dita factura é **209.414,71 Eur IVA incluído**.

2º EXTRAPOLACIÓN DA FACTURA DE SETEMBRO 2018 AO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2019

Segundo la Mellora Nº 9 da Oferta da Concesionaria con motivo de que no haxa grandes variacións no importe de mantemento acordase:

- Descontar unha cantidade fixa al mes del importe de mantemento.
- No dar de baixa o inventario durante o ano de garantía daqueles materiais renovados no Apartado B de Renovacións.

Ese importe fixo actualizado polo IVA e cos IPC que descontase na facturación mensual é actualmente: **9.427,68 Eur IVA incluído**.



Concello de Vigo

Debido a que:

- O importe mensual do Apartado A depende do número de días que ten cada mes.
- O importe fixo descontado por la Mellora N°9 non varía co número de días de cada mes.

para extrapolar o importe do Apartado A de decembro a todo o primeiro semestre de 2.019:

- Sumar esta cantidade fixa descontada o importe mensual de xaneiro.
 $209.414,71 + 9.427,68 = 218.842,39€$
- Dividir entre o número de días de setembro e multiplicar polos do ano 2019
 $217.897,77 / 30 = 7.294,75 €$
 $7.294,75 * 365 = 2.662.583,75€$
- Restar a este resultado as doce mensualidades do importe fixo da Mellora N°9
 $2.662.583,75 - (6 * 9.427,68) = 2.549.451,59€$

3º AÑADIR AO IMPORTE ESTIMADO HASTA 2019 DAS UNIDADES QUE SAEN DE GARANTÍA E IPC'S

Durante o ano 2018 existen unha serie de materiais novos que instaláronse e que actualmente están en garantía pero a lo longo do ano 2019 finalizarán a súa garantía e entrarán na facturación mensual do apartado A no mes que lle corresponda. O importe de mantemento de estes materiais o longo do 2018 é de: **15.481,26€**.

Que sumado á cantidade resultante do Apartado anterior é de: $2.564.932,85 + 15.481,26 = 2.564.932,85$

Queda pendente actualizar esta cantidade co IPC (2,30%):

$2.564.932,85 * 1,023 = 2.623.926,31€$

Por todo o explicado estimase un importe anual do Apartado A a partir de xullo de 2,018: 2.623.926,31€

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(329).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA CANTABRIA". EXPTE. 233/441.

Visto o informe xurídico do 16/04/19, e o informe de fiscalización do 22/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 15/04/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A empresa Consultoría de Ingeniería y Empresa SL (B15200769), en execución de contrato menor de servizos para redacción de proxectos de renovación da pavimentación e mellora do drenaxe de viarios das parroquias de Vigo, proxecto de "Construcción de beirarrúas na rúa Cantabria", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira.

2.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 20.12.18, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 20 e 21 de decembro de 2018, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 28.01.2019 aprobou o proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA CANTABRIA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E UN MIL CINCO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (51.005,13 €) de data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018. (Expte. 4040-443).

3.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 26 de decembro de 2018 recolle dentro do programa 1532 "Pavimentación de vías públicas" a aplicación orzamentaria 1532.619.00.06 (Mellora de infraestruturas en parroquias).

4.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm 4040-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de xaneiro de 2019 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas de execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión 28.01.2019, que se corresponde co expediente administrativo 4010-443, e que inclúe Pregos de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Francisco José Fidalgo Longueira, asinado dixitalmente en data 14 de decembro de 2018.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do



Concello de Vigo

Servizo de Vías e Obras e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento en datas 8 e 11 de febreiro de 2019 respectivamente.

- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro de Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 11 de febreiro de 2019.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 20 de febreiro de 2019.
- e) Declaración responsable do redactor do Prego de Prescricións Técnicas, de data 11 de marzo de 2019, respecto ao cumprimento das regras para o establecemento de prescricións técnicas ao abeiro do artigo 126 da LCSP.
- f) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 15.04.2019
- g) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 15.04.2019.
- h) Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 15.04.2019.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica, financeira, técnica e profesional (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 20.12.2018).

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición adicional 2ª. 4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA CANTABRIA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E UN MIL CINCO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (51.005,13 €) de data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 15.04.2019.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "CINCUENTA E UN MIL CINCO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS" (51.005,13 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 8.852,13 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria 1532.619.00.06 (Mellora de infraestruturas en parroquias).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(330).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 31/441.

Visto o informe xurídico do 15/04/19, e o informe de fiscalización do 22/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 08/04/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

I.- ANTECEDENTES

1º.- Tendo en conta a existencia dunha serie de aparatos elevadores instalados na casa consistorial (Praza do Rei nº1, Vigo) cuxa conservación é competencia do Concello de Vigo, hai que considerar a consecuente necesidade de garantir, durante a súa vida útil, o mantemento dos mesmos en óptimas condicións de funcionamento e seguridade, de cara a evitar ou reducir as posibilidades de que acontezan situacións de avarías ou fallos que provoquen a interrupción ou dificulten a súa operatividade.

2º.- En data 13 de setembro de 2018, emítase informe de necesidade e idoneidade asinado pola Técnica de Xestión, a Enxeñeira Industrial e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, tal e como establece o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (LCSP).

Neste informe establécese a necesidade de contar cos medios necesarios para o mantemento preventivo así como para a reparación de posibles avarías que se produzan o longo do tempo como se establece no artigo 13 do Real Decreto 2291/1985, de 8 de novembro, Regulamento de aparatos de elevación e manutención (RD 2291/1985), e a súas Instrucións Técnicas Complementarias e no Real Decreto 203/2016, de 20 de maio, polo que se establecen os requisitos esenciais de seguridade para a comercialización de ascensores e compoñentes de seguridade para ascensores.

Asemade, hai que ter en conta que para atender ao servizo de mantemento dos devanditos aparatos elevadores, faise necesario contar con persoal cualificado profesionalmente (artigo 14 RD 2291/1985 e Instrucións Técnicas Complementarias), medios humanos dos que no dispón o Concello de Vigo na actualidade.

3º.- Ao abeiro do devandito informe de necesidade e idoneidade, con data 13.09.2018 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento acorda o inicio do expediente de contratación, en uso das competencias que lle atribúe o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 9 de xullo de 2018.

3º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a)** Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, a Enxeñeira Industrial e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 13 de setembro de 2018.
- b)** Resolución de inicio do expediente de contratación asinado polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 13 de setembro de 2018
- c)** Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial de data 4 de abril de 2019.
- d)** Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do artigo 116.4.e) LCSP, asinado en data data 4 de abril de 2019, pola Enxeñeira Industrial e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, e conformada polo 2º Tenente de

Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza na mesma data.

- e) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de contratación de data 5 de abril de 2019.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 5 de abril de 2019.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ó Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional Segunda, apartado 4 LCSP) e, por delegación desta (Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

Terceiro.- De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do devandito texto legal.

Cuarto.- O expediente xustifica suficientemente a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a insuficiencia de medios (artigo 116.4.f) LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto simplificado abreviado segundo o establecido no artigo 159.6 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

Quinto.- Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de que non existe desequilibrio orzamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

Sexto.- Previa aprobación do expediente, é preceptivo o informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional Terceira, apartado 8 da LCSP); así como a incorporación do certificado de retención de crédito de exercicios futuros e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).



Concello de Vigo

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional Segunda, apartado 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da Asesoría Xurídica, o documento contable e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto simplificado abreviado e tramitación ordinaria, da **Contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores da Casa Consistorial do Concello de Vigo**.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 5 de abril de 2019

Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas **part3iculares** redactado e asinado pola Enxeñeira Industrial en data 4 de abril de 2019.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de DEZASEIS MIL OITOCENTOS CATORCE EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (16.814,16 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 2.918,16 €.

Por ter o financiamento carácter de gasto plurianual, cargarase á aplicación orzamentaria 92002279900, tendo a seguinte distribución por anualidades:

Anualidades	Importe
2019	4.904,13 €
2020	8.407,08 €
2021	3.502,95 €

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(331).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DO ENCONTRO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN (RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERÁCLIO BOTANA). EXPTE. 20/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 23/04/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xuridicos da Área de Servizos Xerais, e polo concelleiro de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes.

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 25 de xaneiro de 2018, acordou: "*Aprobar o proxecto de humanización do entorno da rua Rosalía de Castro e García Barbón (rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heráclio Botana)*", redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Roberes de Cominges, cun orzamento base de licitación de catrocentos oitenta e sete mil vinte e catro euros con setenta e sete céntimos (487.024,77 euros).

2.- A Xunta de Goberno Local na sesión de data 6 de setembro de 2018, acordou adxudicar a ORESA, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no contorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón" (20-441) por un importe total de 355.041,04 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 61.618,69 euros.

3.- Con data 3 de setembro de 2018, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza, resolveu nomear como titulares da Dirección Facultativa das obras ao Enxeñeiro Técnico en Topografía, D. Pablo Saavedra Salgueiro e ao Enxeñeiro Técnico Municipal, D. Jorge Muñoz Rama.

4.- Con data 19.10.2019 ainouse a Acta de comprobación de replanteo.

5.- Con data 12/14 de abril de 2019, a Dirección facultativa da obra solicita o inicio do expediente de modificación do proxecto, coa posibilidade de modificación da base económica inicial do proxecto, con fundamento nas consideración que se conteñen no informe que de seguido se transcribe no que agora interesa:

"II.- Xustificación Técnica para a solicitude de modificado.

Con data 18 de abril de 2018, D^a Isabel Thomas de Carranza del Pozo solicitou no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo (documento 180057298) Acta de Liña Rasante da rúa Heraclito Botana, que se tramita baixo o expediente número 16502-411.

Posteriormente á data da aprobación do proxecto e da solicitude de acta liña rasante, o Enxeñeiro Municipal de Seguridade e Mobilidade á solicitude da Xerencia de Urbanismo emite informe de data 23 de maio de 2018 (expte. 3480/443), no que subliña a conveniencia e os beneficios que para a mobilidade do tráfico rodado suporía a apertura ao tráfico da rúa Heraclio Botana; ademais, engade que a apertura deste tramo tamén aportaría máis prazas de estacionamento para a zona.



Concello de Vigo

A Comisión de Seguemento do PEEC- PEPRI de Bouzas de data 30 de xullo de 2018, á vista da proposta realizada pola Oficina de urbanización e Infraestruturas da XMU, na que se analizou a discrepancia entre o tramo afectado pola ficha do PEEC (manzana 24) -que recolle unha anchura de 9 metros- e o tramo da mesma rúa construído fóra do dito ámbito- que dispón dun ancho de 10 metros- acordou que o ancho do vial da rúa Heráclito Botana debe considerarse con unha anchura de 10 metros para a toda a rúa, segundo se contén na acta de liña e rasante (expediente 16502-411)

As consideracións expostas demandan a necesidade de modificar a xeometría proxectada para a rúa Heraclio Botana o que podería incrementar a base económica inicial do proxecto.

III.- Solicitude de autorización de modificado.

Segundo o exposto anteriormente, as variacións con respecto ao proxecto aprobado motivan esta proposta xa que unha vez realizados os predeseños específicos cabe concluír que será necesario incorporar novas unidades que poderían modificar a base económica inicial do proxecto.

As circunstancias que segundo o exposto fan precisa a modificación suscitada, están recollidas no artigo 204 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (artigo 106 do xa derogado RDL 3/2011, 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos-TRLC-) e no apartado 15 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 1 de marzo de 2018, que prevé a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos urbanos, deseño, esquema funcional ou seguridade vial, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto.

A necesidade de mellorar o tráfico rodado, mediante a apertura ao tráfico da rúa Heraclio Botana, recollida no informe do Enxeñeiro Municipal de Seguridade e Mobilidade de data 23 de maio de 2018 (expte. 3480/443) e a nova delimitación da anchura deste vial segundo se recolle no Acordo da Comisión de Seguemento do PEEC-PEPRI de Bouzas de data 30 de xullo de 2018, postas de manifesto con posterioridade á data de aprobación do proxecto determinan a necesidade de proceder á modificación do proxecto de "HUMANIZACIÓN DO ENCONTRO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN (RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERÁCLIO BOTANA)."

As citadas modificacións estimase non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo modificadas en xeral por circunstancias que non puideron ser previstas no proxecto inicial. Así mesmo, considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non altera o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste

proxecto de obra e polo tanto non incorpora unha presentación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

As modificacións que se formulan non alteran as condicións de adxudicación e licitación recollidas no PCAP que rexen a contratación das obras.

Os prezos contraditorios que se proporán, consecuentes á solución técnica adoptada, referiranse á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra, en todo o que se refire aos prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria, e a os custos indirectos dos prezos descompostos.

En tanto o órgano de contratación adopte o acordo que proceda, esta dirección facultativa entende necesario poñer unha moratoria no prazo de execución da obra.

Por todo o anteriormente exposto, solícitase o inicio do expediente de modificación do proxecto de "HUMANIZACIÓN DO ENCONTRO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN (RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERÁCLIO BOTANA)", coa posibilidade de modificación da base económica inicial do proxecto."

Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP), pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 establece na súa Disposición transitoria primeira que a normativa relativa aos efectos, cumprimento, extinción, modificación, duración e réxime de prórrogas, se aplicará a todos os contratos administrativos, salvo a aqueles adxudicados con anterioridade a entrada en vigor da Lei.

No presente caso, segundo consta nos antecedentes, o contrato administrativo foi adxudicado con posterioridade á entrada en vigor da LCSP, o que determina que o réxime da súa modificación rexerese pola normativa vixente.

II.- A necesidade da modificación do proxecto xustifícase pola Dirección facultativa da obra no seu informe de data 12/14 de abril de 2019 arriba transcrito.

III.- As modificacións atópanse, en principio e sen prexuízo do seu análise unha vez elaborado o proxecto modificado, tal e como se indica no informe da dirección facultativa, nos supostos do artigo 204 da LCSP e no apartado 15 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 9 de novembro de 2017, que prevé a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:



Concello de Vigo

- Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos urbanos, deseño, esquema funcional ou seguridade vial, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo do contrato.

IV.- O artigo 242 da LCSP regula a tramitación das modificacións no caso dos contratos de obras. No seu apartado 4 establece que *“cando o Director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula a Lei, recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se sustanciará coas seguintes actuacións:*

- a.- Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.*
- b.- Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de 3 días.*
- c.- Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos”.*

V.- Competencia.- Constando por tanto petición da Dirección facultativa ao órgano do contratación como indica o artigo 242.4 LCSP procede elevar a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da Lei de Contratos do Sector Público.

Por isto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar o inicio do expediente de modificación do Proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN DO ENCONTRO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN (RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERÁCLIO BOTANA)" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Julio Roberes de Cominges

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(332).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO PROCEDIMENTO DE CONTRATO MENOR NO SERVIZO DE TURISMO NOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2019. EXPTE. 7384/104.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 16/04/19, asinado pola técnica do Servizo de Turismo, e pola concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, a Concelleira-Delegada Da Área de Festas e Turismo, Ana Laura Iglesias González, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Turismo, funcional 4320, durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo do ano 2019, que se relacionan deseguido:

CONTRATO		IMPORTE	ADXUDICATARIO	DURACIÓN
7277-104 (N) CM Servizo de limpeza inst. turísticas 4320.2270000	RCM 2346 ADM 5205	10.575,84 €	Mantelnor Limpeza, SL (B15857220)	1 ANO
7278-104 (N) CM Servizo mensaxería, paquetería 4320.2230000	RCM 2229 ADM 4631	2.000,00 €	Reperato e Xestión Urxente. SL (B36821494)	1 ANO
7279-104 (N) CM Servizo suscripción prensa 4320.2200100	RCM 2347 ADM 5174 ADM 5175 ADM 5176	1.991,08 €	La Voz de Galicia, SA (A15000649) Rias Baixas Com.SA (A36643674) Faro de Vigo, SA (A36600815)	1 ANO
7281-104 (N) CM Servizo Técnico proxección en FITUR 2019 4320.2279904	RCM 3209 ADM 5015	3.179,88 €	Luz Puntual, SL (B15793433)	3 MESES
7287-104 (N) CM Servizos adquisición de acreditacións y transfer FITUR 2019 4320.2260100	RCM 3458 ADM 5454	12.100,00 €	Severino Fco. Martínez Piquenque, (36092335E)	2 MESES
7288-104 (N) CM Servizos Viaxe da delegación de Vigo a FITUR 2019 4320.2260100	RCM 3459 ADM 5470	16.940,00 €	Viaxes Zonda, SL (B15034499)	2 MESES
7289-104 (N) CM Servizos retransmisión	RCM 4013 ADM 5797 ADM 5798	17.792,38 €	Faro de Vigo, SAU (A36600815)	1 ANO



Concello de Vigo

CONTRATO		IMPORTE	ADXUDICATARIO	DURACIÓN
en streaming FITUR 2019 4320.2260200	ADM 5799 ADM 5800-5805 ADM 5801 ADM 5802 ADM 5804		Editorial Castrelos, SL (B27815786) Rias Baixas Com. SA (A36643674) Tres y Uno Com. SL (B27732882) Xurimaru Serv com. SL (B70271630) Agenica EFE, SA (A28028744) Contidos Mensaxes, SL (B15856321)	
7291-104 (N) CM Servizos Ins. Publicitaria especiais FITUR 2019 4320.2260200	RCM 5784 ADM 5813 ADM 5816 ADM 5817 ADM 5818	13.045,13 €	La Voz de Galicia, SA (A15000649) La Region, SA (A32100653) Edit. Compostela, SA (A15000391) Unidad Edit. SA (A79102331)	1 ANO
7292-104 (N) CM Servizos Seguemento por Radio FITUR 2019 4320.2260200	RCM 5221 ADM 5806 ADM 5809 ADM 5810	17.808,65 €	Radio Vigo, SA (A36612414) Radio Popular, SA (A28281368) Uniprex, SA (A28782936)	1 ANO
7293-104 (N) CM Servizos Promoción Vigo Gastronómico 4320.2279906	RCM 5655 ADM 5811	10.038,16 €	Restaurante Solla, SL (B94129178)	1 ANO
7298-104 (N) CM Servizos Viaxe e estancia na Feira Christmas World 4320.2260100	RCM 5785 ADM 5831	2.420,00 €	Viajes Lira, SL (B36701514)	1 ANO
7339-104 (N) CM Servizo Técnico elaboración estudo aeroporto 4320.2279906	RCM 11040 ADM 20308	9.043,97 €	Severino Fco. Martínez Piquenque, (36092335E)	1 ANO

CONTRATO		IMPORTE	ADXUDICATARIO	DURACIÓN
7343-104 (N) CM Servizo Traballos Técnicos de promo. turística 4320.2279904	RCM 11826 ADM 16254	16.940,00 €	Maruxa S. Coop. Galega (F27826163)	1 ANO
7357-104 (N) CM Servizo Visitas guiadas 4320.2279904	RCM 16239 ADM 16696	17.545,00 €	Aguias de Vigo, SL (B27814359)	1 ANO
7360-104 (N) CM Servizo Visitas Illas Cías 4320.2279904	RCM 16682 ADM 20427	17.545,00 €	Naviera Illa de Ons, SL (B36299667)	1 ANO
7364-104 (N) CM Servizo Promoción Feria del motor 4320.2279900	RCM 18854 ADM 19937	17.545,00 €	Eventos del Motor, SL (B36837516)	1 ANO
7366-104 (N) CM Servizo Ins. Publicitaria revista Conxemar 4320.2260200	RCM 20011 ADM 21373	2.683,30 €	Conxemar, (G36636819)	10 meses
7367-104 (N) CM Servizo Ins. Publicitaria revista Industrias Pesqueiras 4320.2260200	RCM 20590 ADM 23096	2.891,90 €	Servicios Industriales Pesqueros, SA (A36602647)	10 meses
7370-104 (N) CM Servizo Ins. Publicitaria Feira SICO 4320.2260200	RCM 22863 ADM 24142	5.500,00 €	Feira SICO, SL (B36968089)	1 mes
7372-104 (N) Patrocinio Publicitario Fútbol Atlántida Matamá 4320.2260200	RCM 23705 ADM 25677	6.050,00 €	S.C.D. Atántida de Matamá (G 36620854)	9 meses



Concello de Vigo

CONTRATO		IMPORTE	ADXUDICATARIO	DURACIÓN
7374-104 (N) CM Servizo Traballos Deseño e impresión Inforcards 4320.2260200	RCM 23438 ADM 25671	3.448,50 €	Hilma Tatiana Albuja Galarraga (39487895T)	9 meses

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

19(333).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez